

### **Curriculum/autobiografía**

O meu nome é María José e procedo de A Pontenova, pobo de altos fornos que define o límite Sur das antigas Terras de Miranda. Nacida no 78, enxeñeira forestal de formación, fago uso da poesía como dos espellos, posto que ámbolos dous me permiten reflexar a realidade que habito e me habita. Participo activamente no colectivo poético A Porta Verde do Sétimo Andar e, dende a miña perspectiva de muller, feminista e galega, non deixo de construír poemas que case nunca sei que camiño escollerán. Ata o de agora, algúns deles foron publicados en obras colectivas como *Un feixe de poesía na Porta* (A porta verde do sétimo andar, 2.013), *Versus Cianuro* (Caldeirón, 2.013), *Alén do Silencio* (Abooks, 2.014), *De Circes e Morganas* (A Segá, 2.015), *Dez anos na Porta. Antoloxía poética* (A Porta Verde do Sétimo Andar, 2.015), *Aldeas sen voz* (Canela, 2.015) e tamén en revistas literarias e diversos espazos virtuais como Xistral, Elipse, Evohé ou Palavra Comum. Por outra banda, o meu poema *Metamorfose* recibiu no ano 2.014 o segundo premio (categoría de poesía) no VIII Certame Literario Terras de Chamoso.

WWF



A